

Poesía: as diversas roupaxes do compromiso

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2012 [2001]). “Poesía: as diversas roupaxes do compromiso”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1999, 197-206. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1849>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2001). “Poesía: as diversas roupaxes do compromiso”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1999, 197-206.

* Edición dispoñíbel desde o 15 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Poesía: as diversas roupaxes do compromiso

Helena González Fernández

A poesía de 1999 non sorprende nin ofrece grandes novidades no que se refire a liñas e poéticas. En xeral reconfirmase boa parte dos argumentos que vimos debullando nas últimas panorámicas, e mesmo se observa non pouca contención e unha actitude de repregamento que esperemos que non sexa ameaza dun mal maior, o aburrimiento. Hai algúns bos poemarios, reconfirmase a vitalidade dalgunhas das tendencias características dos noventa (a ficcionalidade, a diversidade e importancia das voces femininas, o experimentalismo), e aparecen voces novas, que sorprenden polo feito de escribiren sen pedir permiso e con moita forza. Finalmente, como xa comentabamos o ano pasado, séguese a facer reconto da poesía recente por medio de antoloxías. Chegou, pois, a calma logo das treboadas que axitaron estes nosos mares poéticos. Poida que cumpra agardar ó ano vindeiro, por aquilo dos agoiros milenaristas e a sensación de abrir novo período, para atopar mellores argumentos para a renovación. Polo de agora, insistimos, unha tónica media aceptable, algúns bos libros que paga a pena ler, moita literatura de compromiso baixo roupaxes estéticas diferentes e unha presíña de voces novas que cumprirá seguir con atención.

AS RAZÓNS DO XÉNERO

Hai quen discute que a razón de xénero poida funcionar como un criterio ordenador para estudar a produción poética recente, e non lle faltan razóns. Efectivamente baixo ese epígrafe tan amplo caben escritoras maiores, estéticas diferentes e mesmo enfrontadas e diferentes concepcións das identidades femininas, e tam-

pouco cremos que o criterio de irmandade literaria feminina se poida apoñer, así sen máis, a poetas tan diversas como María do Carme Kruckenberg e Pilar Beiro, por citar dous nomes que atopamos este ano. Sen embargo, cómpre non esquecer que actualmente o contrato co posible lector (coa lectora, que as mulleres forman lexión) contempla o interese por un libro ou unha liña estética en función, tamén, do xénero do autor, ou mellor dito, da autora, pois interesa máis polo feito de ser unha voz poética feminina (e se tiramos do fío, por ser unha voz diversa, non homoxénea). Por iso, parece que a etiqueta “poesía feminina” aínda é operativa e pode servir para entender e contextualizar moitos destes poemarios, que dialogan cunha historia de silencio e marxinación e cun presente de rebeldía; moito máis operativa aínda se empregamos criterios cruzados que fuxan dos uniformes, porque parece evidente que entre elas hai importantes diferencias que cómpre ter sempre moi presentes.

Este ano reaparecen por partida dobre, e nas mesmas coleccións, María do Carme Kruckenberg e Helena Villar. Ambas as dúas levaban un certo tempo sen publicar poesía en coleccións de referencia, e ambas as dúas interesan porque ofrecen á súa maneira un reconto. En *Poemas sen resposta* (Espiral Maior), María do Carme Kruckenberg ofrece a súa mellor poesía existencial. Reúne unha galería de homenaxes ós amigos e autores que lle son próximos, cos que fala, e que, de resultas, ofrecen argumentos emotivos dos seus propios intereses como poetas. Algúns deles poden sorprender ós que coñecen só a faceta neotrobadoresca desta autora, porque aquí se atopan con poemas sinceros, contundentes e temperados. O libro complétase con cincuenta e dous epigramas sobre o paso do tempo e a certeza da morte, que constitúen, posiblemente, unha das pezas máis interesantes de todo o seu legado poético, ciscado en edicións imposibles de atopar. Á par deste libro, publica un experimento interesante, *Jazz espido* (Castro), que demostra o seu interese polas artes. Estes textos foron escritos para unha serie de nus de Eva Lloréns, que se reproducen no libro, e constitúen unha homenaxe ó jazz, e a partir da súa metalinguaxe e dunha persoal antoloxía de intérpretes clásicos, tenta traspasar ó verso as sensacións que esperta a música. Pola súa banda, Helena Villar retorna como poeta en solitario cun repaso á memoria propia en *Álbum de fotos* (Espiral Maior), que a leva a recuperar os devanceiros, a explicar a dolorosa experiencia da perda da nai e a reconstruír as paraxes da infancia e da xuventude. A voz poética dialoga pois coas figuras e as paisaxes que se constitúen en referentes da súa biografía. Publica tamén un libro debido, *Nas bedras da clepsidra* (Castro), que fora IV Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, e permanecera inédito. Nel tamén se vira cara a un repaso impresionista da memoria común, un exercicio de reflexión que ofrece moitas claves para a súa poética (véxase, entre outros, “A casa dos poemas”), e dá argumentos para a súa visión da condición feminina (repárese no poema “Señora da clepsidra”, un diálogo cunha nobre galega do século XVII, ou “Cerva entre espadanas”, unha redefinición das mulleres chea de claves simbólicas).

Este ano reaparece tamén Eva Veiga con *Paisaxes no baleiro* (Xerais), a súa segunda entrega logo de *Fuxidíos*. É este un poemario existencial, escrito coa conciencia da derrota, da dor, da soidade e da morte certa, como fai Maria Mercé Marçal no seu póstumo *Raó del cos*, e sen embargo empregando a poesía como forma de resistencia esperanzada contra o corpo entregado. Corpo e vida, eros e tánatos, reaparecen para explicar o eu (a existencia humana). Trátase dunha escrita espida, que tenta facer accesible un complexo cadro vivencial marcado polo baleiro, unha emoción vital e poética tan poderosa que consegue crear un universo de referencias de seu. A luz e a sombra, a paisaxe erma, as referencias á natureza fu-

xidía (flores, paxaros, o sol da tarde e a humidade) resólvense nun poema final, de afouto batallar contra o medo, unha loita entre a certeza e o medo que revela unha comunión coa non materia. Tamén reaparece Lupe Gómez, con *Os teus dedos na miña braga con regra* (Xerais). A súa voz fora saudada con moito interese cando apareceu o seu primeiro libro, *Pornografía*, en edición da autora, pola precisión con que ofrecía novas definicións poéticas de gran carga lírica e profundas conviccións nacionalistas e feministas. Agora abunda na súa particular análise do mundo construída a partir de referentes cotiáns, femininos e tamén dos tabús. A muller, como ser humano que sangra, que non é unha “torre de marfil”, convértese no punto de partida dunha complicada maneira de relación co mundo, que se pode completar coas colaboracións en prosa que escribe en *O Correo Galego*. Pola súa banda, entre o censo impresionista con tinguiduras sentimentais e simbólicos, e un desexo de definición lírica do feminino, reaparece Medos Romero con *Ámome en por min* (Espiral Maior), aínda que para a maioría é unha poeta descoñecida, porque o seu libro anterior circulou, con dificultades, en edición de autor. Trátase dun poemario insatisfactorio que abala entre o eu e a proxección na paixase, e aposta por unha fórmula sempre espiñenta, os poemas curtos.

Entre as voces novas aparece unha escritora de militante profesión literaria, Marilar Aleixandre, con *Catálogo de velenos*, premio Esquíu, que ofrece un texto interesantísimo para dar fe desde outro xénero da posición desde a que escriben as mulleres, desmontando a voz negada, o imaxinario adverso que perpetúa unha posición de subordinación fronte ó dominante masculino, os espazos non poéticos por estaren adxudicados a elas e que a nai, como figura prototípica, prolonga cando ensina (cando envelenan) ás fillas. No seu epílogo, Pilar Pallarés afirma que este libro “refai o conto infantil de Brancaneves para indagar nas nosas consciencias e desencontros coa nai hoxe”. Certamente o xogo proposto non podía ser máis rendible no plano simbólico e comunicativo nin máis apropiado. Esta é unha escrita militante coas ideas e coa literatura, porque reviste a poesía como un espazo de ficción para dar cabida a un pensamento difícil de explicar desde a prosa ensaística; un pensamento que ofrece solucións e aposta pola rebeldía (“o peite / que a madrastra lle deu / levaba veneno nos dentes / pero tendo o pelo rapado / non lle fixo mal ningún”). E aínda máis, móstrase como un catálogo do máis distintivo das novas estratexias do discurso feminista. Militante tamén co acto comunicativo, porque detrás de todo o libro albíscase unha lectora ou un lector polo que se mostra un respecto intelixente (comunicar, non coaccionar), unha lección que teñen ben aprendida os autores de literatura para nenos e mozos, como Marilar Aleixandre.

Moitas son as voces femininas descubertas, en libro, este ano; e moitas tamén as propostas. Beatriz Quintela acadou o accésit XVIII Premio Esquíu con *Colección de cinza*, unha colaxe de ecos poéticos que tecen unha rede significativa previsible. O propósito é esculcar na poesía o roteiro que leva á transcendencia e a descubrir o que non ordenou nin prescribiu na realidade a linguaxe da lóxica. O poemario ten un ton decadente e crepuscular, con innumerables referencias ás arquitecturas simbólicas pimentelianas e ó mesmo tempo as reflexións metaliterarias (que levan a Rilke e Gadamer, pero tamén á poesía galega recente). Moito máis contundente, sen medo a traspasar a fronteira da poesía coercitiva, chea de consignas, de berros e de mostrarse contraria ó establecido, é un poemario de título provocador, *Diario bautismal dunha anarquista morta* (Espiral Maior), de Emma Pedreira Lombardía, que malia a súa mocidade conta xa cunha importante traxectoria como animadora poética e algúns premios, singularmente o Xohán Carballeira, convocado polo Concello de Bueu, por este libro. Ademais desa voz com-

bativa e rebelde, por veces ameazadora (“nosoutras / arrepentirémonos sempre de non ser maiores para engolirvos”), o que sorprende da súa proposta é a súa capacidade para crear un referente de ficción que sitúa o legado póstumo da figura da nai morta e, por extensión da *matría*, é dicir, da nación explicada a partir de metáforas femininas. Poida que a súa sexa unha das voces máis viscerais e afoutas da poesía galega recente, unha proposta que milita dunha maneira consciente, expresa e virulenta á contra. Tamén Pilar Beiro, outra voz inédita que aparece este ano en libro, demostra ser unha poeta de voz combativa e loitadora virada totalmente cara á realidade, e cara ó mar que se ve desde o Pindo. En *Hinterland* (Positivas) a cuestión da nación aldraxada que estrema co mar, e coñece del a dureza, as vidas perdidas na loita polo peixe (defuntos que fornecen peixe para as cómodas latas de conserva, toda unha cadea agochada). Na medida en que é un manifesto do real é tamén un manifesto a prol do ser humano. Pan, nación, utopía (que aquí ten localización xeográfica, a mítica Avalón), e rebeldía (contra Ulises e a favor de Morgana), velaquí os eixes do libro.

PROPOSTAS EXPERIMENTAIS

Os terreos da experimentación ofrecen tamén algunhas achegas. Case ó mesmo tempo apareceron tres propostas de poesía obxectual, visual ou gráfica asinadas por Lino Braxe, Claudio R. Fer e Antón Risco. Non hai en Galicia unha tradición de poesía visual consolidada, con figuras senlleiras que creasen escola, aínda que cumpriría rastrexar entre as propostas de artistas que se clasifican como artistas plásticos e sen embargo ofrecen propostas que traspasan a fronteira entre escritura e poesía. De Antón Risco chéganos un dos seus textos inéditos, e que agora, postumamente, van saíndo á luz. En *Un, Dous e Tres (novelas) + poesía gráfica* (Tris Tram) tenta levar ó terreo da creación ideográfica a súa concepción da literatura como un caso de figuración, que, tal como el mesmo explica nunha nota epilodal, fundamental para entender a súa visión da literatura gráfica, consiste en establecer un contrato de ficción co receptor. No fondo, a proposta, que nos resulta novidosa, recupera estratexias de expresións artísticas remotas, e obriga a un traballo de lectura laborioso, aínda que insiste en que hai varios niveis de recepción. Na parte que o autor considera poemas (dez textos) ofrece unha inxel explicación da orixe do universo, intenta transmitir o medo ó descoñecido ou explica a evolución histórica da elexía.

Lino Braxe propón nos seus *Poemas obxecto e visuais* (Espiral Maior), por veces moi brossianos, catro tipos de “textos”: os que xogan coa sorpresa, os que ofrecen achegamentos metarreferenciais, as homenaxes (abofé que Manuel Rivas ha agradecer a icona que compón coa súa foto na páxina 60) e os de tipo político, centrado sobre todo na cuestión da barbarie que desatou o nazismo. Pola súa banda, en “As orixes dos mundos. Poesía visual”, publicado no número 4 de *Unión Libre*, un monográfico titulado *Erotismos*, Claudio R. Fer emprega o obxectivo da cámara fotográfica para componse visións diferentes do feminino. A fotografía e mais o texto componse un único signo que vencella o eros coa orixe, coa xeografía (hai unha serie dedicada ós continentes) e coa natureza. Trátase, polo tanto, dun achegamento máis do lugués ó corpo como un lugar desde o que explicar o mundo.

CUESTIONAR A REALIDADE E REPRESENTALA COMO VANGARDA

Moito se ten falado sobre o significado de vangarda cando se estudian os ismos históricos a nivel mundial e cando se tenta explicar este concepto na literatura posterior, como unha actitude que reúne a vangarda ideolóxica e a vangarda artística. Desde Rompente —poderíase mentar como antecesor o “Vietnam Canto” de Novoneyra e non poucos textos de Ferrín— vense desenvolvendo unha liña de poesía con vocación de realidade, disposta a esfarelar as convencións con que os galegos se designan a si mesmos, é dicir, a convulsionar o que nas teorías sistémicas se chama repertorio, para actualizalo, para desmomificalo e engadir desde unha posición posmoderna novos argumentos políticos e culturais; ou sexa, para intervir no terreo das ideoloxías e conformar outras identidades dos galegos. Algo diso vimos xa na literatura de mulleres como fenómeno deconstructivo, e iso cinguíndonos só á produción de 1999, na proposta de Emma Pedreira (forte nas ideas pero pouco rompedora na forma). Manuel Outeriño publica a súa segunda entrega poética co título *Letras vencidas* (Noitarenga), con limiar de X. L. Méndez Ferrín. Outeriño escribe sobre toda a literatura anterior, cun acedo sentido do humor e non pouca retranca. Como xa fixera en *Depósito de espantos*, fai da sorpresa unha das súas estratexias fundamentais, e no texto titulado “Consigna”, no que ordena unha sorte de epigramas paródicos, ofrece algunhas das súas perlas creativas. E nun exercicio de retranca metaliteraria aparece un poeta descoñecido para moitos, pero moi activo como impulsor de foros alternativos, Carlos Quiroga, cun satírico *Gong* (Fundaçom Artábria).

Pero é sen dúbida o propio Antón Reixa, a figura fundamental desta actitude épica, inconformista e innovadora. Nunha editorial á que agora non é doado seguirlle a pista nas librerías (mellor será ir ás tendas de discos), e que xa ensaiara o formato libro + CD-ROM, por exemplo, co mítico *Etiopía* de Atxaga, aparece *Escarnio* (El Europeo), que é literatura, música e grafismo ó mesmo tempo; un texto híbrido, como acostuman etiquetar as convencións editoriais. Como xa explica o título, trata de recuperar o espírito medieval da sátira para ofrecer un documento contra a dictadura dos discursos homoxéneos e os pensamentos únicos da actualidade, as súas teimas sobre a poesía decorativa (aquí aparecen máis xogos sobre o haikú, para quen faga colección deles, que a literatura galega xa dá para uns cantos) e os seus xogos retranqueiros tamén sobre a identidade propia (moi divertido o texto “O deserto imposible”). *Escarnio* non sorprenderá ós que coñecen xa a traxectoria do autor (a parte gráfica do CD-ROM, agás cando se comporta como unha máquina de xogos, pouco máis é ca unha ilustración do texto), pero, o que é indubidable é que se trata dun produto con denominación de orixe que interesará ós que non tiveron oportunidade de oílo/lelo/velo, antes.

OUTRAS MANEIRAS DE ACHEGARSE Á REALIDADE

Rafa Villar volve ó terreo das parábolas políticas cun caderno poético breve, *Ícaro* (Tema) nunha edición lisboeta case imposible de atopar, polo que cómpre agardar que apareza reproducido nun vindeiro libro. Sen renunciar á súa característica épica minimalista, de verso contido, breve e cheo de silencios hipersignificativos, vai debullando a parábola clásica do home pechado no labirinto que quere voar. Cunha actitude dacabalo da épica e da lírica, Rafa Villar devólvelle á poesía a súa capacidade de alento e ofrécelle á nación argumentos para a loita pola utopía,

para a independencia. Sendo moi clásico na elección de ferramentas, consegue un longo poema que comunica co público actual, en boa parte pola contención, pero tamén polo respecto ó lector. E dicimos longo poema porque cada breve texto pode lerse de maneira autónoma pero todos están perfectamente trabados e constitúen unha arquitectura con vontade de intervención política, de toda a intervención de que é posible a literatura sen renunciar á súa condición de obxecto artístico.

Unha actitude ben diferente perante a cuestión nacional e da perda do territorio é a que propón Mário J. Herrero Valeiro en *No limiar do silêncio (poemas da estranxeirice)*, que acadou o VII Premio de Poesía Espiral Maior. Apoiándose en numerosas citas sobre a cuestión do territorio e o nomadismo, algunhas tan clásicas como as de Deleuze e Guattari, denuncia, berra consignas denunciando un territorio en ruínas e un presente corrupto. Non aforra, se lle parece preciso, unha escrita directa e autoritaria, que se apodera das estratexias da arenga. Por veces, na súa actitude afouta e rebelde lembra o libro de Emma Pereira. Dentro desta tónica de denuncia da realidade, X. M. Álvarez Cáccamo reúne en *Os cadernos da ira* (Espiral Maior) os seus opúsculos sobre a nación e a opresión (*Prego de cargos* e *De mañá que medo*) e amécelles un álbum sobre a memoria da Guerra Civil, titulado *Crónica do espanto (Galiza 1936)*, que ten como principal propósito gardar a memoria dos asasinados e represaliados, e relatar algúns dos momentos máis crueis da represión.

Este ano un dos autores máis prolíficos foi, sen dúbida, Lino Braxe. Ademais dos seus xa citados poemas obxectuais e visuais, en *O sangue dos árabes* (Xerais) recunha nunha liña de achegamento ó mundo árabe que xa se rastrexaba na súa obra anterior. Por unha banda funcionan a cultura e a xeografía árabes como referentes dunha escrita nómada, que permite investigar desde a distancia, e tamén desde un certo exotismo, as constantes do comportamento humano. Por outra banda, hai unha militante aproximación á realidade política na que están a vivir os países en guerra, os pobos nómadas e os pobos desposuídos do dereito a ser (como acontece cos saharauís). Moitas veces arremeda no ton a maneira de dicir o verso que ten a tradición árabe, de aí un certo ton de salmodia dalgúns dos textos, e sobre todo, a elección da simboloxía. En *A caricia da serpe* (Espiral Maior), a súa fascinación polo mundo africano lévaos a comprometerse coa realidade da emigración, que ve morrer homes e mulleres nas pateras e da fame de Somalia. Pero tamén a xoga con referentes culturais europeos, subliñando mediante a sorpresa a parte incógnita da realidade. O libro remata cun breve caderno *beat* en homenaxe a un espírito de aventura xa perdido.

VISIÓNS DESDE AS CIDADES E AS PARAXES INTERIORES

Este ano tamén cómpre facer un apartado para os poemas que acoden ás paisaxes do mito. Amais das devanditas referencias ó heroe que aprende a voar tratada como metáfora, aparecen algunhas referencias de corte existencial. Ícaro é unha das figuracións desenvolvidas poeticamente por Francisco X. Fernández Naval en *Días de cera* (Espiral Maior), quen nun ton intimista e en primeira persoa, abunda na imposibilidade do heroe e na fragilidade da cera. Xosé Carlos Caneiro en *Aínda soñas con piratas?* (Espiral Maior), un poemario sentimental, que abunda en tópicos cunha voz en aparencia inocente, tamén fala da imposibilidade de chegar a Ítaca e, en consecuencia, tamén nega a imposibilidade da utopía. E Rafael Lema, en *Atlántida* (Espiral Maior), premio Concello de Carral, ensaia unha sorte de épica urbana organizada en sucesivas viaxes nas que o heroe acumula derrotas e conclúe, por

tanto, que a rebeldía é necesaria. Atención co título, enganoso, pois parece prometer unha épica atlántica que non se corresponde coa intención do autor.

Ramiro Fonte reaparece con *Capitán inverno* (Xerais), que recolle un libro anterior, *Mínima moralidade*, e constitúe un libro de libros moi persoal. Os poemas son retratos dunha vida urbana vivida (as rúas, os cines e os recantos das prazas son espazos da emoción). As cidades que habitou, singularmente Vigo, ofrecen desde a experiencia unha memoria común do paso do tempo, de experiencias confinadas do pasado e lugares da infancia e a adolescencia que poden ser dunha xeración pero que pode compartir calquera lector. Véxase moi especialmente o apartado dedicado ás salas de cine. Fonte demostra que desde a autenticidade e a transparencia se pode espertar a emoción. Nesa mirada cara atrás atopamos tamén a Manuel Álvarez Torneiro, quen acadou con *Luz de facer memoria* (Deputación da Coruña) o Premio de Poesía Miguel González Garcés. Empregando unha arquitectura simbólica e unha complexa rede de motivos sensoriais, esculca no misterio, na memoria e na beleza. Por certo, que o accésit deste premio, levouno un poemario desconcertante, que aposta pola mestura e, poida que por iso mesmo, leve ó desconcerto. Trátase de *Xeografías do sal* (Deputación da Coruña) de Ramón Caride, onde o erotismo combina con textos de homenaxe e intentos de experimentación.

No mesmo ano en que había finar Uxío Novoneyra, saía do prelo o seu derradeiro poemario, *Arrodeos e desvíos do Camiño de Santiago e outra rotas* (Xunta de Galicia). A proposta enlaza cos textos xa coñecidos de *Do Courel a Compostela* (1988), e en realidade responde a un ambicioso proxecto que comeza a mediados dos anos cincuenta que o leva describir a experiencia da viaxe, a vivencia da paisaxe e memoria medieval do camiño. Formalmente os textos son moi variados, desde coplas ó xeito popular ata o uso de hendecasilabos, ou cantigas neotrobadorescas. Curiosamente este mesmo ano aparece o primeiro poemario de Segundo Alvarado, editor da revista *Posío, Orfo de ti* (Castro), que tamén recolle textos neotrobadorescos e referencias ó camiño xacobeo.

UNHA ESCRITA NON TAN NENA

Estevo Creus en *Teoría do lugar* (Castro), gañador do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, propón o xogo ficcional máis interesante dos publicados este ano. O lector atópase cunha testemuña en primeira persoa, de tintes surrealistas, que materializa as emocións en referencias animais, sensitivas e se desdobra en multitude de obxectos. Igual que acontecía en poemarios anteriores, o ton é enganosamente naif, enganosamente inofensivo, como acontece nos textos referidos ó aviador (os modernos ícaros fracasados). Poida que ata o final non descubra a razón deste particular modo de expresión e das súas teimosas repeticións. Quen fala é un personaxe que desata en torrente o seu pensamento, aparentemente irracional, pero que, como demostra a lectura fiada dos textos, responde a unha outra lóxica, a dun doente mental. Isto permite ofrecer visións non menos válidas de cómo se vive. Rómpense as convencións, as pautas do ben e do mal, e ensínase ó home tal como é, na súa compoñente indómita, no terreo dos soños, no nivel do subconsciente. Descubrímonos, logo, tal é como somos sen uniforme. Outras formas de experimentación ficcional para mellor descubrir o eu consisten en ocultalo baixo outra aparencia, por exemplo, un verme. Manuel Seixas, coñecido como narrador e letrista, ousa adentrarse na poesía con *Vestixios do verme* (Positivas), poesía nada compracente, cunha visión atormentada que dá constancia da dor, a desorienta-

ción, a morte e unha angustia irremediable. Se a cabeza é o lugar desde onde escribe Estevo Creus, Eduardo Estévez, en *Lúa gris* (Xerais) recupera a memoria da infancia como a patria perdida do home, pero, igual có anterior troca o ton decadentista que adoita dominar neste tipo de temas, por unha visión inzada de cores, de animais, plantas e xoguetes

ANTOLOGAR, ESCOLMAR, CRIBAR, ORDENAR...

Sen dúbida as antoloxías que máis mexen o panorama, son aquelas que atinxen á produción máis próxima. Xa falamos na panorámica do ano pasado sobre todo isto, e mellor será non repetirse, sobre todo porque *dEfecto 2000* (Letras de Cal) é unha antoloxía consultada, na que son os propios poetas os que escollen os nomes que ó seu ver mellor representan a poesía dos 90. Entre os vinteún elixidos cómpre destacar a aposta pola poesía máis nova, que en moitos casos ten só un libro publicado, e a miúdo en edicións pequenas. Trátase polo tanto por unha aposta arriscada que terá aínda moito máis valor na década vindeira, polo que ten de adianto das voces máis novas, as que publicaron case sen cumprir os vinte anos os seus primeiros libros. Contrástese con estoutra proposta que aparece no *Grial* 140, con data de 1998 pero aparecido realmente en 1999. Trátase dunha proposta que parte de criterios distintos, xa que pretende resumir o máis novo entre 1985 (data dun monográfico anterior no que se valoraban os avances de dez anos de literatura galega) e 1997.

Non pouca foi a presenza da poesía galega en antoloxías preparadas para o exterior. Anxo Angueira é o responsable dunha escolma preparada en Bélxica. Luciano Rodríguez escolma tres poetas dos 80 (Xulio Valcárcel, Pilar Pallarés e Ramiro Fonte) e son traducidos por alumnos do Graduate School and University Center de Nova York. No ámbito catalán, Perfecto Cuadrado, Francisco Díaz de Castro e Albert Ribas, recolleron nun só volume, *Poesía de paper 1990-2000. Cent poetes* (Caixa de Balears *Sa Nostra* e Universitat de les Illes Balears) unha mostra do ciclo de lecturas poéticas que tiveron lugar en Palma de Mallorca, e que xa dera nos últimos anos algúns cadernos individuais de autores galegos; nesta ocasión recolle un só poema na lingua orixinal de todos os participantes no ciclo, e entre a representación galega, compartindo espacio cos seus contemporáneos en castelán e catalán, están Ramiro Fonte, Xavier R. Baixeras, López-Casanova, Álvarez Cáccamo, Fernán-Vello e Pilar Pallarés. Pero o proxecto máis ambicioso, aínda que desigual na escolla, é o IV tomo da antoloxía da literatura galega, preparado pola profesora da Universidade de San Petersburgo, Elena Zernova. *No limiar do novo milenio* (Universidade de San Petersburgo), que así se titula, ofrece unha escolma de autores que comezan a publicar desde 1975 deica os 90. O maior interese do proxecto consiste en que boa parte dos textos son vertidos ó ruso por poetas, co cal se acrecenta a proximidade entre dous espazos creadores distintos.

REEDICIÓNS

Mentres as novidades pousan un pouco, as edicións permiten recompoñer a historia, achegar ós lectores e investigadores textos que non estaban en circulación ou que pola súa condición de "imprescindibles" (é dicir, por un desexo de canonización), parecen precisar xa unha reedición coidada, con aparato de notas, que fa-

gan máis claro o texto. Así, a colección “Biblioteca das Letras Galegas”, que conta cun fondo amplo e ambicioso, engade na súa galería de clásicos outro libro de Méndez Ferrín, neste caso a *Poesía enteira de Heriberto Bens* (Xerais), o alter ego do poeta de Vilanova, que agora aparece en edición de Anxo Angueira, bo coñecedor deste autor, quen ofrece un índice de textos lixeiramente retocado (véxase o apartado onde explica os seus criterios). Esta reedición parece confirmar unha nova lectura e a posta de actualidade da poesía social e política dos últimos vinte-cinco anos, unha actitude ética, que, como vimos de comprobar, ofrece bastantes mostras no ano 1999.

Ese mesmo interese pola poesía civil parece dominar as reedicións de textos non tan recentes, se cadra polo feito de abundaren as homenaxes a escritores que sufriron o exilio co gallo das Letras Galegas, se cadra tamén polo efecto dominó que xerou a organización en distintos puntos de España dun congreso sobre literatura e exilio e, en última instancia polo interese con que estudia estes temas o profesor Alonso Montero, e en consecuencia, anima ós seus discípulos. El é responsable dunha edición facsimilar, con estudio en caderno á parte, de *Espiñas, follas e frores* (Xunta de Galicia) de Valentín Lamas Carvajal. No estudio, breve pero panorámico, cómpre destacar a análise das relacións entre Rosalía e Carvajal e ordenación cronolóxica das publicacións en galego a partir de *Cantares gallegos*, do que Alonso conclúe que se debería substituír o costume de citar os grandes clásicos do XIX seguindo a proposta de Carballo Calero (Rosalía, Pondal e Curros) por unha nova ordenación que tivese en conta a data de publicación dos seus libros (Rosalía, Lamas, Curros e Pondal). Un traballo que abraia, pola súa monumentalidade, pola inxente cantidade de datos que ofrece tanto no estudio preliminar como nas notas, e pola inclusión de inéditos e fixación dos textos é *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón* (Castro), preparada por Miro Villar, quen abordou este traballo, en primeiro lugar, como tese de licenciatura. En edición de Alfonso Rey López, edítase *Versos escritos en Buenos Aires e outros poemas* (Libros da Frouma) do dramaturgo Xesús San Luís Romero, que recolle a súa obra poética acompañada dun importante estudio preliminar e de abundantes notas. E, en edición de Amelia Rodríguez e Luís Alonso Girgado, reeditase a poesía de Manuel Núñez González, *Salayos e outros poemas* (Centro Ramón Piñeiro), cun demorado estudio biobibliográfico e ecdótico, e que inclúe no anexo o seu único conto, publicado en *O Tío Marcos da Portela*.

Pero entre todas estas reedicións, poida que a que máis interese esperte é un libro secuestrado a comezos dos 50, nada máis aparecer nos escaparates das librerías, *Musa alemã* (Hipocampo Amigo), unha traducción libre de poetas alemáns (entre eles Hölderlin, Heine, Dehmel e Rilke) preparada por Celso Emilio Ferreiro e Antonio Blanco Freijeiro como libro fóra de colección en “Benito Soto”. Este caderniño non foi reproducido na edición facsimilar en estoxo editada pola Deputación de Pontevedra, sen embargo, no seu texto prologal, Sabino Torres explica as causas da retirada de circulación do libro por indicación do Gobernador. Hipocampo Amigo é o nome dunha pequena empresa editorial de cativa distribución e cun grande empeño nas edicións non venais. Mágoa que estas dúas razóns lle impidan o público interesado acceder a *Anaco de amor a Rosalía* de Borobó ou ó poemario en castelán de Cuña Novás, *La pasión en el tiempo*.

Por outra banda, dentro dunha liña de recompilación da obra de autores nados nos 50 que vai pouco e pouco aparecendo en diversas coleccións, aparece *Don do horizonte. Obra poética (1976-1998)* (Espiral Maior) de Xavier Seoane. Preparada

polo propio autor, este volume inclúe ademais dous títulos inéditos, *A néboa invisíbel* e *Agra da Brea*, nos que a paisaxe e o tempo atmosférico localizan o eu no seu entorno e lle devolven o sentido de si mesmo como parte da natureza.

CABO

A edición de poesía descendeu e a carreira de relevos en que se converteran estes últimos anos e que por momentos, especialmente no ano 1997, nos traían alasando. As e os poetas dos 90 (seguimos pensando que non é unha boa etiqueta pero tampouco atopamos outra mellor) parecen pedir un momento de vagar á beira do control de avituallamento, decidindo no entanto quen cambia o rumbo, quen vai seguir navegando, quen deixa o oficio á procura de sustento real (nunca hai que esquecer que boa parte dos artistas pasan por un importante momento de crise cando teñen que resolver a cuestión da independencia económica). En boa parte dos libros publicados este ano descóbrease unha revitalización e modernización do compromiso, que se combina coa escrita coidada e os xogos coa linguaxe e a voz poética; un compromiso que xa se vía vir nos anos precedentes. A xeira do 1999 podería estar anunciando momentos de calma para o ano 2000, pero, de aquí a alá ou morrerá a burra ou o que a tange, e cómpre, logo, agardar un ano.